

As aventuras do coello e o trasno

Mónica Loureiro Varela (2001)

Érase unha vez un trasno chamado Ismaíl. Desexaba salvar os bosques e os animais.

O coello de Ismaíl díxolle:

-Vai ó castelo da bruxa.

Entón foi ó castelo da bruxa e colleu a chave da porta máxica e abriuna. Estaba alí a bruxa e Ismaíl colleu os polbos máxicos. Despois tivo que pasar unha proba: saltar ó chan para non caer na bocas dos dragóns que había. E o coello axudouno.

Ismaíl subiuse ó coello e o coello saltou ó outro lado. E salváronse.

Ismaíl estendeu os polbos máxicos sobre a natureza e sobre os humanos. Os humanos comprenderon o problema, e cos polbos máxicos naceron máis animais e máis árbores.

Ismaíl e o coello quedaron no bosque. Andaban por alí e a Ismaíl caeulle unha cagada de paxaro na cabeza e o coello riuse. Ismaíl limpouse e preguntoulle ó coello:

-¿Queres vir comigo a Canarias onde están os meus amigos?

Respondeulle que si. Entón foron os dous ás illas Canarias e foron moi felices.

Alí pasaron moitas aventuras...

Fin